

**BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS  
A DEPORTISTAS GALEGOS/AS DE ALTO  
NIVEL**

**SEGUNDA FASE: “AXUDAS  
DESTINO *RÍO 2016* e AXUDAS  
DGAN”.**

**(DIRIXIDA A DEPORTISTAS GALEGOS/AS DE ALTO NIVEL  
NON BENEFICIARIOS/AS DA 1ª FASE DA CONVOCATORIA,  
RESOLTA O 30 DE DECEMBRO DE 2014)**

## INDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. OBXECTO.....	4
3. BENEFICIARIOS/AS.....	4
4. FINANCIAMENTO ORZAMENTARIO.....	5
5. SOLICITUDES.....	5
5.1. Instancia de solicitude.....	5
5.2. Documentación.....	6
5.3. Compatibilidade con outras axudas.....	6
5.4. Lugar de solicitude.....	7
5.5. Prazo de solicitude.....	7
5.6. Corrección de solicitudes.....	7
6. INSTRUCIÓN E TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO.....	7
6.1. Órgano de instrución.....	7
6.2. Comisión de Valoración.....	8
6.3. Tipos de axudas, criterios de valoración e regras comúns a todas elas.....	8
6.4. Criterios de cuantificación de axudas.....	9
6.5. Procedemento de concesión.....	12
6.6. Resolución de adxudicación.....	12
6.7. Aceptación da resolución.....	13
6.8. Reclamacións.....	13
7. PAGAMENTO.....	13
8. OBRIGAS DO/A BENEFICIARIO/A.....	13
9. MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN, REVOGACIÓN E REINTEGRO.....	14
9.1 Modificación da resolución.....	14
9.2 Revogación.....	14
9.3 Reintegro.....	15
10. RÉXIME XURÍDICO.....	15
11. DISPOSICIÓN ADICIONAIS.....	15
ANEXO 1: INSTANCIA DE SOLICITUDE DE AXUDA.....	16
ANEXO 2: CERTIFICADO DA FEDERACIÓN.....	18
ANEXO 3: DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS DO ANO 2015.....	19
ANEXO 4: FICHA SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA.....	20
ANEXO 5: MEMORIA DEPORTIVA 2013.....	21
ANEXO 6: PROXECTO DEPORTIVO 2014.....	22

## 1. INTRODUCCIÓN.

---

A Fundación Deporte Galego é unha fundación do sector público coa condición de medio propio e instrumental da Secretaría Xeral para o Deporte, asumindo como finalidade fundacional a promoción do deporte en Galicia e, de conformidade cos seus estatutos ten encomendada, entre outras funcións, o fomento do deporte de alta competición en Galicia.

Tendo en conta que o 2014 e 2015 son os anos previos aos Xogos Olímpicos/Paralímpicos de Río 2016, a Fundación Deporte Galego preparou un plan de axudas aos deportistas galegos/as que están a competir no máis alto nivel deportivo de ámbito estatal, europeo e mundial, entre os que se atopan aqueles/as con opcións de acudir aos devanditos XXOO/XXPP. Inclúese tamén, a liña de axudas a deportistas galegos/as de alto nivel (DGAN) que vén concedendo a Fundación no seu obxecto de promoción do deporte de alto nivel da Comunidade Autónoma.

O desenvolvemento desta actuación estase a efectuar en dúas fases a través de dúas convocatorias consecutivas:

- Unha primeira fase xa resolta o pasado 30 de decembro de 2014, denominada AXUDAS GALICIARÍO - EXCELENCIA DEPORTIVA, orientada, por un lado, a aqueles/as deportistas que xa participaron en anteriores edicións dos XXOO/XXPP e que acreditaron de forma oficial a súa actual preparación para os vindeiros XXOO/XXPP de Río 2016 e, por outro lado, aos/ás deportistas recoñecidos/as como Deportistas Galegos de Alto Nivel que acadaron os máis destacados resultados deportivos nas competicións internacionais do máis alto nivel da súa modalidade/especialidade deportiva.
- Unha segunda fase coa convocatoria obxecto destas bases, orientada ao resto de deportistas recoñecidos/as pola Secretaría Xeral para o Deporte coma Deportistas Galegos/as de Alto Nivel segundo a última lista publicada no Diario Oficial de Galicia no momento da finalización do prazo para a presentación da solicitude destas axudas, que non foran beneficiarios/as da convocatoria da primeira fase anteriormente citada. Poderán ser beneficiarios/as aqueles/as deportistas que:
  - Sendo medallistas en pasadas edicións dos XXOO/XXPP, aínda non formen parte dos equipos nacionais de preparación olímpica/paralímpica na actualidade por non estar aínda conformados, pero poidan participar en probas oficiais para acadar a clasificación para os vindeiros XXOO/XXPP de Río 2016.
  - Se ben nunca tiveron a ocasión de participar aínda nuns XXOO/XXPP, si teñan acadada a día de hoxe a clasificación do equipo nacional para os vindeiros Xogos de Río 2016.
  - Poidan acreditar estar en condicións de participar en probas oficiais válidas para acadar a clasificación para os vindeiros XXOO/XXPP de Río 2016.
  - Acrediten oficialmente estar a competir no alto nivel deportivo estatal e internacional.

A presente convocatoria non é substitutiva doutras convocatorias que poida publicar a Secretaría Xeral para o Deporte.

## **2. OBXECTO.**

---

Esta convocatoria da segunda fase ten por obxecto establecer as bases reguladoras da concesión de axudas destinadas a dúas liñas de acción:

### **1. AXUDAS DESTINO RÍO 2016**

Apoiar aos/ás deportistas galegos/as que non foran beneficiarios da convocatoria da 1ª fase resolta o pasado 30 de decembro de 2014, pero no momento da publicación destas bases:

- a. Foran medallistas en pasadas edicións dos XXOO/XXPP, aínda que non formen parte dos equipos nacionais de preparación olímpica/paralímpica na actualidade por non estar aínda conformados, pero poidan participar en probas oficiais para acadar a clasificación para os vindeiros XXOO/XXPP de Río 2016.
- b. Se ben nunca tiveron a ocasión de participar aínda nuns XXOO/XXPP, si teñan acadada a día de hoxe a clasificación do equipo nacional para os vindeiros Xogos de Río 2016.
- c. Poidan acreditar estar en condicións de participar en probas oficiais válidas para acadar a clasificación para os vindeiros XXOO/XXPP de Río 2016, e acaden unha puntuación igual ou superior a 50 pts, segundo o baremo establecido apartado 6.4.1. das bases.

### **2. AXUDAS DGAN**

- a. Apoiar aos/ás deportistas recoñecidos pola Secretaría Xeral para o Deporte coma Deportistas Galegos/as de Alto Nivel segundo a última lista publicada no DOG no momento da finalización do prazo para a presentación da solicitude destas axudas, que non cumprindo cos requisitos do apartado anterior se cumpran cos criterios establecidos no apartado 6.3.2. e 6.3.3. destas bases, acadando os resultados requiridos nas competicións internacionais e/ou nacionais das súas respectivas especialidades e probas deportivas, coa finalidade de posibilitar o desenvolvemento do seu rendemento deportivo, sendo de interese para a promoción do deporte galego.

## **3. BENEFICIARIOS/AS.**

---

Poderán ser beneficiarios/as desta convocatoria os/as deportistas que cumpran os requisitos establecidos neste apartado, así como os criterios establecidos no apartado 6.3 destas bases:

### **1. AXUDAS DESTINO RÍO 2016**

- Residir actualmente en Galicia ou ter residido durante a súa etapa de formación deportiva e reunir un dos seguintes requisitos:
  1. Ter nado en Galicia.
  2. Ter unha vinculación familiar ata o segundo grao de cosanguineidade en Galicia.
- Ter licenza deportiva vixente nunha especialidade deportiva incluída no programa dos XXOO/XXPP de Río 2016, expedida por unha federación deportiva galega dende alomenos o 1 de xaneiro do 2013. No caso dos deportistas que, cumprindo co apartado anterior, non teñan licenza federativa galega por ter que estar adestrando e competindo fóra de Galicia, a acreditación

deste requisito efectuarase mediante certificación doutra federación territorial, española ou internacional.

- Cumprir cos criterios establecidos no punto 6.3.1. destas bases, sempre e cando acrediten estar en condicións de participar en probas oficiais válidas para acadar a clasificación para os vindeiros XXOO/XXPP de Río 2016.
- Non estar cumprindo sanción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva de carácter grave ou moi grave.
- Estar adestrando e competindo na tempada 2014-15.

## **2. AXUDAS DGAN:**

- Estar recoñecido/a, pola Secretaría Xeral para o Deporte, coma Deportista Galego/a de Alto Nivel, segundo a última lista publicada no DOG no momento da finalización do prazo para a presentación da solicitude destas axudas.
- Ter licenza deportiva vixente, expedida por unha federación deportiva galega dende alomenos o 1 de xaneiro do 2013. No caso dos deportistas que, cumprindo co apartado anterior, non teñan licenza federativa galega por ter que estar adestrando e competindo fóra de Galicia, a acreditación deste requisito efectuarase mediante certificación doutra federación territorial, española ou internacional.
- Acreditar o nivel deportivo esixido na modalidade practicada conforme ao baremo establecido nos puntos 6.3.2. e 6.3.3. destas bases, no caso de que lles sexa de aplicación.
- Non estar cumprindo sanción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva de carácter grave ou moi grave.
- Estar adestrando e competindo na tempada 2014-15.

Non poderán obter a condición de beneficiario/a, os/as solicitantes que xa foran beneficiarios da primeira fase da convocatoria resolta o 30 de decembro de 2014, nin aqueles nos que concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

## **4. FINANCIAMENTO ORZAMENTARIO.**

---

As axudas concedidas de conformidade coas presentes bases serán imputadas ao orzamento do fondos asignados, a este fin ano 2015 da Fundación Deporte Galego con cargo á partida "1. Axudas Monetarias" por un importe de 150.000 euros, sen prexuízo da súa suplementación en virtude do incremento que poida acordar a Fundación no momento de resolución, de acordo co previsto no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Esta ampliación de crédito non conlevará a apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes.

## **5. SOLICITUDES**

---

### **5.1. Instancia de solicitude.**

As solicitudes presentaranse na instancia recollida no **Anexo 1** e dirixiranse á Fundación Deporte Galego.

## 5.2. Documentación.

Xunto coa instancia de solicitude do Anexo 1, presentarase a seguinte documentación:

- **Anexo 2: Certificado da Federación** correspondente, no que se reflicta se o/a deportista ten licenza nun club galego, se está cumprindo sanción disciplinaria ou non, se ten expedida licenza dende alomenos o 1 de xaneiro do 2013, se participou nalguna edición pasada dos XXOO/XXPP, se forma parte ou non dalgún equipo de preparación olímpica/paralímpica para os XXOO/XXPP de Río 2016 e, finalmente, os resultados deportivos máis relevantes obtidos entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2013. *Non serán admitidos aqueles anexos 2-certificado da federación que veñan escaneados ou aínda sendo orixinais veñan coas casiñas de verificación e resultados cubertos de forma manual.*
- **Anexo 3: Declaración doutras axudas do ano 2015.**
- **Anexo 4: Ficha de solicitude de transferencia bancaria** na que se deba proceder ao ingreso correspondente á axuda, excepto os/as deportistas que recibiran unha axuda da Fundación Deporte Galego nos últimos dous anos e desexen que o pago se efectúe na mesma conta corrente, para o cal deberán indicalo por escrito. Este anexo pode ser substituído por un certificado orixinal de conta bancaria emitido pola entidade bancaria correspondente.
- **Anexo 5: Memoria deportiva 2013.**
- **Anexo 6: Proxecto deportivo 2014.**
- **Copia do D.N.I.** do/a deportista que solicita a concesión da axuda. Se este autoriza na instancia de solicitude (anexo 1) á Fundación a que consulte este documento a través do Sistema de Verificación de Datos de Identidade -SVDI- e de Residencia -SVDR-, non será necesaria a súa achega.
- Os/as deportistas que por necesidades da súa práctica deportiva teñan que estar adestrando e competindo fóra de Galicia, e que poden ser beneficiarios/as dunha "Axuda DESTINO RÍO 2016" deberán acreditar a súa residencia en Galicia durante a súa etapa de formación deportiva, así como un dos seguintes requisitos: o seu nacemento en Galicia ou ter unha vinculación familiar ata o segundo grao de cosanguineidade en Galicia.
- Só no caso de non autorizar á Fundación para obtelos no Anexo 1, deberán presentar os certificados de estar ao corrente de obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, Seguridade Social e Xunta de Galicia (Consellería de Facenda).
- Calquera outra documentación que o/a solicitante considere de interese.

Os Anexos destas bases poderanse descargar na web [deporte.xunta.es](http://deporte.xunta.es)

## 5.3. Compatibilidade con outras axudas.

Estas axudas serán compatibles con premios ou axudas económicas recibidas durante o ano 2015 procedentes de calquera outra administración, ou de entes públicos ou privados, galegos, estatais e/ou da Unión Europea ou de organismos internacionais -sen prexuízo da obriga de comunicar ao órgano concedente a súa obtención-, e incompatibles no caso de premios ou axudas económicas para deportistas concedidas por outras Comunidades Autónomas durante o ano 2015.

Será obrigatorio declarar as axudas solicitadas e/ou concedidas para o mesmo fin, segundo o **Anexo 3.**

#### 5.4. Lugar de solicitude.

A instancia de solicitude e a documentación correspondente presentaranse no Rexistro da **Fundación Deporte Galego**: Rúa Ourense nº6 (15781 Santiago de Compostela).

Os/as interesados/as poderán tamén presentar as súas instancias mediante correo certificado, nos termos previstos no Real Decreto 1829/1999, de 3 de decembro, que aproba o Regulamento dos servizos postais.

#### 5.5. Prazo de solicitude

O prazo de presentación das solicitudes será de **15 días naturais** a contar dende o seguinte día da publicación do anuncio destas bases no Diario Oficial de Galicia.

O horario de rexistro aos efectos de presentación das solicitudes referidas ás presentes bases será de 9:00 a 14:00 h.

#### 5.6. Corrección de solicitudes.

Unha vez revisada a documentación, publicarase a lista das solicitudes admitidas e daquelas que conteñan erros ou deficiencias no taboleiro de anuncios da Fundación Deporte Galego e na páxina web [deporte.xunta.es](http://deporte.xunta.es), dispoñendo a partires dese momento de **10 días hábiles** para que sexan corrixidas, con indicación de que, se así non o fixese, teráselle por desistido da súa petición, logo dunha resolución expresa por parte da Fundación na que así se declare o desestimento.

## 6. INSTRUCIÓN E TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO.

---

### 6.1. Órgano de instrución.

O Xerente da Fundación Deporte Galego será o órgano instrutor do procedemento, responsable da tramitación do mesmo.

Serán funcións do órgano instrutor:

- a) Revisar a documentación a presentar polos/as deportistas coa solicitude de axuda e solicitar a corrección de solicitudes, se é o caso.
- b) Realizar de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución.
- c) Elevar a proposta de resolución das axudas elaborada pola comisión de valoración ao Padroado da Fundación Deporte Galego, para a resolución definitiva.

O órgano instrutor poderá utilizar e solicitar canta documentación considere precisa para unha mellor valoración e comprobación do proxecto. Asemade, poderán ser requiridos informes técnicos á Comisión de Avaliación e Seguimento dos Deportistas Galegos de Alto Nivel.

## 6.2. Comisión de Valoración.

Para a valoración das solicitudes constitúese unha comisión de valoración formada por:

- Presidente: Un membro do Padroado da Fundación Deporte Galego ou persoa en quen delegue.
- 2 vogais: 2 técnicos deportivos da Fundación.
- Secretario/a: O/a Secretario/a do Padroado da Fundación Deporte Galego ou persoa en quen delegue, que contará con voz pero sen voto.

Serán funcións da Comisión de valoración:

- a) Avaliar as solicitudes presentadas e a documentación aportada polas entidades solicitantes.
- b) Efectuar as propostas de concesión de axudas elevándoas ao órgano instructor para que o Padroado efectúe a resolución definitiva.

O/a secretario/a redactará a correspondente acta de cada sesión da Comisión.

## 6.3. Tipos de axudas, criterios de valoración e regras comúns a todas elas.

Establécense os seguintes tipos de axudas dentro de cada unha das liñas referidas no apartado 2 destas bases, recordando unha vez máis que solo poderán optar a elas aqueles/as deportistas que non foron beneficiarios/as da 1ª fase da convocatoria:

### 6.3.1. Axudas Destino Río 2016:

TIPO DE AXUDA	IMPORTE MÁXIMO	DIRIXIDA A
AXUDA DESTINO RÍO 2016	3.000 €	Deportistas galegos/as que competindo en probas olímpicas/paralímpicas: 1º Foran medallistas en pasadas edicións dos XXOO/XXPP, aínda que non formen parte dos equipos nacionais de preparación olímpica/paralímpica na actualidade por non estar aínda conformados, pero poidan acreditar estar en condicións de participar en probas oficiais para acadar a clasificación para os vindeiros XXOO/XXPP de Río 2016. 2º Se ben nunca tiveron a ocasión de participar aínda nuns XXOO/XXPP, si teñan acadada no momento de publicación destas bases, a clasificación do equipo nacional para os vindeiros Xogos de Río 2016. 3º Non cumprindo cos dous apartados anteriores, si poidan acreditar estar en condicións de participar en probas oficiais válidas para acadar a clasificación para os vindeiros XXOO/XXPP de Río 2016, e acaden unha puntuación igual ou superior a 50 puntos, segundo o baremo establecido no apartado 6.4.1. das bases.



### 6.3.2. Axudas DGAN 1:

TIPO DE AXUDA	IMPORTE MÁXIMO	DIRIXIDA A
AXUDA DGAN 1	Ata 2.000 €	Deportistas galegos/as que: 1º Competindo en probas olímpicas/paralímpicas, acaden unha puntuación igual ou inferior a 49 pto segundo o baremo detallado no apartado 6.4.1. e cumpran cos criterios do apartado 6.4.2. 2º Competindo en probas non olímpicas/paralímpicas e independentemente da puntuación que acaden segundo o baremo detallado no apartado 6.4.1., cumpran cos criterios do apartado 6.4.2.

### 6.3.3. Axudas DGAN Acceso Olímpico/Paralímpico e Axudas Alto Rendemento:

TIPO DE AXUDA	IMPORTE MÁXIMO	DIRIXIDA A
AXUDA ACCESO OLÍMPICO/ PARALÍMPICO	ata 3.000 €	Deportistas galegos/as que cumpran co baremo detallado no apartado 6.4.1: - <u>Axuda Acceso Olímpico/Paralímpico</u> : Por resultados en probas olímpicas/paralímpicas. - <u>Axudas Alto Rendemento</u> : Por resultados en probas non olímpicas.
AXUDA ALTO RENDEMENTO		

As axudas axustaranse ás seguintes regras:

- Todas as axudas concederanse en réxime de concorrencia non competitiva.
- A suma total de axudas concedidas non poderá superar o orzamento máximo previsto nestas bases.
- Concederase unha única axuda por deportista. Os/as que cumpran cos requisitos para optar a máis dunha axuda, recibirán unicamente a de maior importe.
- Dentro de cada un dos tipos de **AXUDA DESTINO RÍO 2016 e AXUDA DGAN 1** todos/as os/as beneficiarios/as percibirán a mesma cantidade económica.
- Para ser beneficiario das **AXUDAS ACCESO OLÍMPICO/PARALÍMPICO ou ALTO RENDEMENTO**, será necesario obter como mínimo **20 puntos** do baremo.
- O importe destas axudas calcularase en función do importe máximo establecido para cada tipo de axuda segundo a puntuación que cada solicitude acade en aplicación dos baremos previstos no punto 6.4.
- Cando se valoren resultados deportivos, teranse en conta os obtidos no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2013, ámbolos dous incluídos.
- A todas as axudas aplicaráselles as retencións legalmente vixentes en base á normativa do Imposto da Renda das Persoas Físicas.

### 6.4. Criterios de cuantificación de axudas.

A Comisión de Valoración estudará a certificación da federación (anexo 2), a memoria (anexo 5) e o proxecto (anexo 6) presentado por cada solicitante, aplicándoseles a todos/as o baremo que se detalla a continuación sobre unha puntuación máxima posible de **100 pto**, salvo a aqueles/as que cumpran con algún dos dous primeiros supostos de beneficiarios/as detallados no apartado 6.3.1., aos que non lles será necesario valorar a memoria e o proxecto, asignándoseles directamente o importe establecido de 3.000 €.

#### 6.4.1. BAREMO AXUDAS.

- **MEMORIA. Anexo 5. Progresión deportiva ata o 31.12.2013: ata 35 ptos.**
  - Ter participado nalguna das edicións pasadas dos Xogos Olímpicos/Paralímpicos: 5 ptos.
  - Relevancia do nivel deportivo das competicións e grao de consecución dos obxectivos plantexados a principio da tempada 2013: ata 20 ptos:
    - Nivel das competicións: **ata 10 puntos.**
    - Obxectivo principal de resultado e grao de consecución: **ata 6 ptos**
    - Obxectivos secundarios de resultado e grao de consecución: **ata 3 ptos**
    - Outros obxectivos e grao de consecución: **ata 1 ptos**
  - Adestramento no 2013: ata 10 ptos:
    - Planificación do adestramento en 2013: **ata 7 ptos**
    - Adestrador/a: datos persoais, titulacións, experiencia: **ata 2 ptos**
    - Outro persoal de apoio: **ata 1 pto**
  
- **PROXECTO. Anexo 6: Proxecto deportivo para a tempada 2014, no seu caso: ata 25 ptos.**
  - Relevancia do nivel deportivo das competicións e obxectivos plantexados en correlación coa memoria do apartado anterior: ata 20 ptos:
    - Nivel das competicións: **ata 10 puntos.**
    - Obxectivo principal de resultado: **ata 6 ptos**
    - Obxectivos secundarios de resultado: **ata 3 pto**
    - Outros obxectivos: **ata 1 pto**
  - Adestramento: ata 5 ptos:
    - Planificación anual do adestramento: **ata 3 ptos**
    - Adestrador/a: datos persoais, titulacións, experiencia,..: **ata 1 pto**
    - Outro persoal de apoio: **ata 1 pto**
  
- **PARTICIPACIÓN E RESULTADOS EN COMPETICIÓNS NO ANO 2013. Anexo 2: Valorarase o mellor resultado por categoría e por campionato: ata 35 ptos.**

	Categoría Previa á Absoluta Categoría Intermedia			Categoría Absoluta		
	Participación	do 8º ao 4º	do 1º ao 3º	Participación	do 8º ao 4º	do 1º ao 3º
Cto/Copa do Mundo	4 ptos	7 ptos	10 ptos	7 ptos	10 ptos	14 ptos
Cto/Copa de Europa	2 ptos	4 ptos	7 ptos	4 ptos	7 ptos	10 ptos
Outras competicións internacionais	1 ptos	2 ptos	4 ptos	2 ptos	4 ptos	7 ptos
Cto/Copa de España	0 ptos	1 ptos	2 ptos	1 ptos	2 ptos	4 ptos

**Consideracións:**

1. **Categoría Absoluta:** é a categoría de idade na que se desenvolva a competición deportiva de máis alto nivel da modalidade deportiva, sendo, xeralmente, aquela na que os deportistas cumpren 19 anos no seu primeiro ano natural na categoría.
2. **Categoría Previa á Absoluta:** é aquela categoría de idade na que participan deportistas que, xeralmente, cumplan 17 ou 18 anos ao longo do ano natural no que se celebran os campionatos.
3. **Categoría Intermedia:** é a categoría oficialmente reconecida de cada deporte na que participen deportistas que deixan a categoría Previa Absoluta e que estean nos primeiros anos da categoría Absoluta. A Comisión poderá considerar unha única categoría intermedia por modalidade.
4. **Cto/Copa de España:** Serán valoradas as competicións do máis alto nivel deportivo no estado español, normalmente Campionatos de España da modalidade/especialidade, que outorguen a designación oficial de campións/as de España. As Copas de España serán valoradas cando se acredite que o nivel da competición é igual ou superior ao Cto de España, atendendo en todo momento á igualdade dos criterios relacionados co modo de execución da acción técnica, así coma cos requirimentos condicionais e fisiolóxicos da proba.
5. **Outras competicións internacionais:** Serán valoradas as competicións de carácter internacional que se ben non son as que designan de forma oficial aos campións/as de Europa/Mundo da modalidade/especialidade, si están incluídas no calendario internacional como probas do máis alto nivel deportivo europeo ou mundial, tendo a consideración e recoñecemento internacionais acreditados.
6. **Cto/Copa de Europa:** Serán valoradas as competicións do máis alto nivel deportivo no continente europeo, normalmente Campionatos de Europa da modalidade/especialidade, que outorguen a designación oficial de campións/as de Europa. Poderán ser valoradas as Copas

de Europa cando fagan referencia á clasificación final tralo cómputo final sumando as distintas probas. Non serán valorados neste apartado os resultados acadados en probas illadas da Copa de Europa (si poderán ser valoradas no apartado anterior: Outras competicións internacionais).

7. **Cto/Copa do Mundo:** Serán valoradas as competicións do máis alto nivel deportivo en todo o mundo, normalmente Campionatos do Mundo da modalidade/especialidade, que outorguen a designación oficial de campións/as do Mundo. Poderán ser valoradas as Copas do Mundo cando fagan referencia á clasificación final tralo cómputo final sumando as distintas probas. Non serán valorados neste apartado os resultados acadados en probas illadas da Copa de Mundo (si poderán ser valoradas no apartado anterior: Outras competicións internacionais).
8. **Ctos/Copas de España/Europa/Mundo POR EQUIPOS:** Terán o mesmo rango de valoración de resultados individuais aquelas competicións disputadas por equipos cando sexan organizadas polas federacións deportivas oficiais respectivas e se acceda a estas por clasificación. No caso de que a forma de participación sexa mediante o sistema OPEN, os resultados internacionais acreditados serán valorados no apartado Outras Competicións Internacionais, e os resultados en España non serán valorados. Todos os membros do equipo serán valorados do mesmo xeito dentro da categoría na que se acredite o resultado como equipo.

- Licenza nun club galego: **5 pts.**

- Todas as solicitudes valoradas que poidan ser beneficiarias dunha Axuda Destino Río 2016 segundo o apartado 6.3.1. das bases, terán consignados os 3.000 € da axuda.
- **O resto de solicitudes que non cumpran co apartado 6.3.1. das bases, pasarán automaticamente a ser valoradas primeiro como posibles Axudas DGAN 1, sempre que cumpran os seguintes requisitos para obter esta axuda:**

#### 6.4.2. CRITERIOS AXUDA DGAN 1:

TIPO DE AXUDA	IMPORTE MÁXIMO	DIRIXIDA A DEPORTISTAS QUE NON SEXAN BENEFICIARIOS DAS AXUDAS DESTINO RÍO 2016, E COMPETIRAN NAS ESPECIALIDADES/PROBAS SEGUINTE:		
		PROBA OLÍMPICA PROBA PARALÍMPICA PROBA DE ESPECIALIDADE PRINCIPAL DE FEDERACIÓN DE DEPORTE NON OLÍMPICO/PARALÍMPICO <i>(Probas incluídas nos Niveis 1, 2, 3 e 4 do Decreto 6/2004)</i>	PROBA DE ESPECIALIDADE NON OLÍMPICA/PARALÍMPICA ADSCRITA A FEDERACIÓN DE DEPORTE OLÍMPICO/PARALÍMPICO PROBA DE ESPECIALIDADE NON PRINCIPAL DE FEDERACIÓN DE DEPORTE NON OLÍMPICO/PARALÍMPICO <i>(Probas incluídas no Nivel 3 e 4 do Decreto 6/2004)</i>	PROBA NON OLÍMPICA/PARALÍMPICA DE ESPECIALIDADE OLÍMPICA/PARALÍMPICA PROBA NON PARALÍMPICA DE DEPORTE PARA DEPORTISTAS CON ALGUNHA DISCAPACIDADE <i>(Probas incluídas nos Niveis 2 e 4 do Decreto 6/2004)</i>
Axuda DGAN 1	2.000 €	<b>Categ. Absoluta:</b> participación no CM ou ata 8º no CEu., ou 1º no CEsp <b>Categ. Previa Absoluta e Intermedia:</b> Ata 8º no CM, ou ata 3º no CEu.	<b>Categ. Absoluta:</b> ata 3º no CM ou 1º no CEu.	<b>Categ. Absoluta:</b> 1º no CM.

#### Consideracións:

1. **Categoría Absoluta:** é a categoría de idade na que se desenvolva a competición deportiva de máis alto nivel da modalidade deportiva, sendo, xeralmente, aquela na que os deportistas cumpren 19 anos no seu primeiro ano natural na categoría.
2. **Categoría Previa á Absoluta:** é aquela categoría de idade na que participan deportistas que, xeralmente, cumpran 17 ou 18 anos ao longo do ano natural no que se celebran os campionatos.
3. **Categoría Intermedia:** é a categoría oficialmente recoñecida de cada deporte na que participen deportistas que deixan a categoría Previa Absoluta e que estean nos primeiros anos da categoría Absoluta. A Comisión poderá considerar unha única categoría intermedia por modalidade.
4. **CM:** Campionato do Mundo **CEu:** Campionato de Europa. Poderanse valorar as Copas de Europa/Mundo, cando estas competicións estean conformadas por varias probas e cunha clasificación final. En ningún caso se valorará ser campión dunha única proba, senón ser campión da clasificación final.
5. **Mínimo de participación por proba:** Cto. de Europa: 15 participantes e 8 países; Cto. do Mundo: 25 participantes e 15 países, excepto nas probas olímpicas/paralímpicas individuais, e nas probas olímpicas/paralímpicas de equipo nas que os/as deportistas non poidan participar en probas individuais similares. Poderase eximir deste requisito aos resultados obtidos en probas femininas, por contar normalmente cunha menor participación. Poderase eximir deste requisito a aqueles deportistas que, en máis de 2 campionatos, obtiveran posicións que cumpran o criterio deportivo, pero non o número mínimo de participantes. Nos deportes nos que exista unha fase previa de clasificación para o campionato, tamén se computarán os participantes en dita fase.
6. Considéranse como **Probas olímpicas/paralímpicas** aquelas incluídas no programa dos XXOO/XXPP do ano 2016.

7. Nos **deportes colectivos** será necesario formar parte da alíñación nalgún partido oficial do campionato obxecto de valoración.
8. Poderase valorar a clasificación final obtida en **circuítos ou ligas mundiais ou europeas** naquelas modalidades deportivas nas que así se desenvolva a súa competición internacional máis relevante.
9. Nos CM, CEu e CEspaña, non se valorarán os resultados obtidos en **probas de equipo** naquelas especialidades nas que sexa posible participar nunha proba individual similar, atendendo a criterios relacionados co modo de execución da acción técnica, así coma cos requirimentos condicionais e fisiolóxicos da proba.
10. Valorarase un único Campionato de España por modalidade e categoría, aquel que teña un maior nivel deportivo.

### 6.5. Procedemento de concesión.

Unha vez realizadas as operacións anteriores, en primeiro lugar e como xa se detallou, veranse identificadas as Axudas Destino *Río 2016* con 3.000 € de asignación directa para aqueles/as solicitantes que cumpran con algún dos dous primeiros requisitos sinalados no apartado 6.3.1., aos que non lles será necesario valorar a memoria e o proxecto. Aos solicitantes que, non cumprindo cos dous apartados anteriores, si compitan en probas olímpicas/paralímpicas e poidan acreditar estar en condicións de participar en probas oficiais válidas para acadar a clasificación para os vindeiros XXOO/XXPP de Río 2016, e acaden unha puntuación igual ou superior a 50 ptos, segundo o apartado 6.3.1 das bases, tamén se lles asignará o importe de 3.000 € das Axudas Destino Río 2016. Sumarase o total dos importes destas Axudas Destino *Río 2016* para poder coñecer o crédito dispoñible para o resto das Axudas DGAN 1, Acceso Olímpico/Paralímpico e Alto Rendemento. A continuación, para todo o resto de solicitantes, o importe resultante da proporción entre os puntos acadados na valoración e os importes máximos referidos no apartado 6.3.3. das bases compararase cos importes asignados como Axuda DGAN 1 do apartado 6.3.2 , se fose o caso, resultado as seguintes asignacións finais:

- 1º Aquelles/as solicitantes que teñan asignada unha Axuda DGAN 1 cun importe superior ao acadado pola asignación de puntos por baremo para Axuda DGAN Acceso Olímpico/Paralímpico ou Alto Rendemento, verán confirmada a Axuda DGAN 1, sumándose os importes totais das Axudas DGAN 1 para poder coñecer o novo crédito dispoñible restante para as Axudas Acceso Olímpico/Paralímpico ou Alto Rendemento, e poder recalcular os novos importes resultantes polos puntos do baremo.
- 2º A forma de proceder anterior repetirase sucesivamente co crédito dispoñible, comparándose sempre os importes do mesmo xeito e confirmando aquelas Axudas DGAN 1 con importes superiores aos resultantes das Axudas Acceso Olímpico/Paralímpico e Alto Rendemento.
- 3º Este procedemento repetirase sucesivamente ata que só queden solicitudes correspondentes ás Axudas Acceso Olímpico/Paralímpico ou Alto Rendemento.

Se en calquera momento da aplicación deste procedemento o crédito para asignar definitivamente as Axudas DGAN 1, Acceso Olímpico/Paralímpico e Alto Rendemento resultase insuficiente, o reparto do crédito dispoñible realizarase mediante prorrateo proporcional entre todas as solicitudes que cumpran unicamente cos requirimentos para obter unha das axudas DGAN 1, dentro dos importes máximos de partida, non podendo acadar axuda as solicitudes valoradas como Axuda Acceso Olímpico/Paralímpico e Alto Rendemento.

### 6.6. Resolución de adxudicación.

En cada unha das dúas liñas de axuda establecidas nestas bases, a Comisión de Valoración elevará informe ao órgano instrutor do procedemento, quen dará traslado da proposta de resolución ao Padroado da Fundación Deporte Galego para que este resolva.

O procedemento finalizará en calquera caso, aos **3 meses** de finalización do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do citado prazo sen que se notifique a resolución expresa, lexítima ao/á interesado/a para entender desestimada a súa solicitude.

As listaxes das axudas concedidas publicaranse no taboleiro de anuncios da Fundación e na páxina web [deporte.xunta.es](http://deporte.xunta.es).

### **6.7. Aceptación da resolución.**

Publicadas as correspondentes resolucións, os/as beneficiarios/as disporán dun prazo de 10 días hábiles para a súa aceptación ou para presentar a súa renuncia, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada.

No caso de que as axudas outorgadas non sexan aceptadas polos/as beneficiarios/as ou que posteriormente á súa concesión se renuncie a elas, así como nos supostos do seu reintegro, non se alterará a distribución inicial do crédito entre todas as solicitudes aínda que se aplicase a regra do prorrateo.

### **6.8. Reclamacións.**

Contra as resolucións da concesión de axudas poderán interperse reclamacións perante o órgano de adxudicación, no prazo máximo de **10 días hábiles** a contar desde a publicación das listas de beneficiarios/as das axudas no taboleiro de anuncios da Fundación e na páxina web [deporte.xunta.es](http://deporte.xunta.es), con carácter previo á vía xudicial. O prazo para resolver as reclamacións será de dous meses.

## **7. PAGAMENTO**

---

Unha vez que o Padroado efectúe a resolución da convocatoria, e logo da recepción por parte da Fundación Deporte Galego dos informes de fiscalización oportunos, procederase ao pagamento da axuda aos/ás beneficiarios/as por transferencia bancaria.

Para o pagamento da axuda concedida, o/a beneficiario/a das axudas deberá presentar os certificados de estar ao corrente das obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Seguridade Social e a Xunta de Galicia (Consellería de Facenda). Non será necesario presentar estes certificados se os presentados coa solicitude están en vigor no momento de proceder ao pagamento.

## **8. OBRIGAS DO/A BENEFICIARIO/A**

---

O/a beneficiario/a deberá cumprir coas obrigas previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En particular, durante o presente exercicio e o seguinte:

- Aceptar e cumprir todas as estipulacións establecidas nas bases desta convocatoria.
- Comunicar calquera eventualidade significativa no proxecto deportivo.
- Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe a Fundación Deporte Galego, así como calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan

realizar os órganos de control competentes, tanto galegos como estatais ou comunitarios, para o que se achegará tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións correspondentes.

- Comunicarlle á Fundación Deporte Galego a obtención doutras axudas para o mesmo fin.
- Acreditar con anterioridade a que se dite a proposta de resolución de concesión que se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Xunta de Galicia, na forma que se determina no punto 5.2. destas bases.
- Mencionar a súa condición de beneficiario/a deste programa naquelas competicións e actividades deportivas nas que participe e que a súa regulamentación o permita.
- Participar nas actividades de difusión co fin de demostrar o grao de aproveitamento destas axudas, así como nas actividades de promoción do deporte que poida programar a Fundación Deporte Galego e/ou os seus patrocinadores.
- Non abandonar o programa deportivo aprobado ou a práctica da modalidade deportiva correspondente, salvo por causas de forza maior que serán xustificadas ante a Fundación.
- Participar nos Campionatos Galegos e representar a Galicia nos Campionatos de España, salvo causa de forza maior ou informe da Federación Galega correspondente no que se xustifique a interferencia da competición na preparación de competicións internacionais relevantes.
- Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos establecidos no apartado 9 destas bases.

## **9. MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN, REVOGACIÓN E REINTEGRO.**

---

### **9.1 Modificación da resolución**

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e, eventualmente, á súa revogación.

### **9.2 Revogación.**

Procederá a revogación da axuda e a obriga de reintegrar a mesma, así como a esixencia dos xuros de demora correspondente, nos supostos de:

- Obtención da axuda falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impedisen.
- Incumprimento das obrigas como beneficiario establecidas nestas bases.
- Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro establecidas nestas bases, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistras ou de conservación de documentos cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do proxecto subvencionado ou a concorrencia doutras axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado.

### **9.3 Reintegro**

A Fundación poderá proceder, tras o apercebimento previo ao beneficiario/a, a exixir o reintegro ao que se refire o punto anterior.

## **10. RÉXIME XURÍDICO.**

---

As presentes bases rexeranse polo dereito privado, séndolle aplicable o artigo 120 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do Sector Público de Galicia; a disposición adicional 16 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións; os principios de xestión contidos no artigo 5.2. da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e os de información aos que fai referencia o artigo 16 do mesmo texto legal, así como os artigos do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que desenvolven ditos principios de xestión e publicidade.

## **11. DISPOSICIÓNS ADICIONAIS.**

---

A presentación de solicitude de axuda leva implícita a autorización á Fundación Deporte Galego para que:

- Publique na súa páxina web a relación de beneficiarios/as e o importe das axudas concedidas, coas excepcións previstas nas leis.
- Para que inclúa os datos relevantes referidos ás axudas concedidas no Rexistro de Axudas, Subvencións, Convenios e Sancións da Xunta de Galicia, creado polo Decreto 132/2006, de 27 de xullo.

De acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, sobre Protección de Datos de Carácter Persoal, infórmase ao/á beneficiario/a que os datos facilitados acorde con estas bases pasarán a formar parte dun ficheiro, automatizado ou non, con Datos de Carácter Persoal, cuxo responsable é a Fundación Deporte Galego, con domicilio social: Rúa Ourense nº 6, 15781-Santiago de Compostela.

Mediante a presentación da solicitude, o/a beneficiario/a autoriza á Fundación Deporte Galego para que utilice os Datos Persoais que aquel proporcione do seguinte xeito:

- Os datos que correspondan, poderán ser facilitados a diferentes administracións públicas, co fin de realizar os trámites necesarios inherentes á tramitación da axuda que motiva a recepción dos datos.
- Os datos persoais que figuren na solicitude poderán ser publicados na páxina web oficial da Fundación Deporte Galego, con motivo da tramitación da axuda que motiva a recepción dos datos.

O/a beneficiario/a poderá exercitar en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, no seu caso, o de oposición, de conformidade co establecido na lexislación vixente, dirixíndose por escrito á Fundación Deporte Galego ao enderezo arriba indicado.

## ANEXO 1: INSTANCIA DE SOLICITUDE DE AXUDA

**Procedemento:** Convocatoria de axudas a deportistas galegos/as de alto nivel.  
Segunda fase: "AXUDAS DESTINO RÍO 2016 e AXUDAS DGAN"

### DATOS DO/A DEPORTISTA SOLICITANTE

APELIDOS		NOME		DNI	
LUGAR DE NACEMENTO				DATA DE NACEMENTO	
DOMICILIO		CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE		
PROVINCIA	TELÉFONO	FAX	E-MAIL		
MODALIDADE/ESPECIALIDADE PRACTICADA		DEPORTIVA	CLUB DEPORTIVO		

### DATOS DO/A REPRESENTANTE LEGAL (en caso de ser menor de idade)

DON / DONA			DNI		
DOMICILIO		CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE		
PROVINCIA	TELÉFONO	FAX	E-MAIL		

### DOCUMENTOS QUE SE ACHEGAN (marcar cun X, pulsando co botón dereito do rato e seleccionando a opción PROPIEDADES/VALOR PREDETERMINADO/ACTIVADA)

<input type="checkbox"/> FOTOCOPIA DO DNI (Só no caso de non autorizar a comprobación de datos)	<input type="checkbox"/> XUSTIFICACIÓN DE NON TER DÉBEDAS COA AEAT
<input type="checkbox"/> ANEXO 2: CERTIFICADO DA FEDERACIÓN	<input type="checkbox"/> XUSTIFICACIÓN DE NON TER DÉBEDAS COA SEGURIDADE SOCIAL
<input type="checkbox"/> ANEXO 3: DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS	<input type="checkbox"/> XUSTIFICACIÓN DE NON TER DÉBEDAS COA XUNTA DE GALICIA
<input type="checkbox"/> ANEXO 4: FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA	<input type="checkbox"/> CERTIFICADO DE EMPADRONAMENTO NALGÚN CONCELLO GALEGO. SÓ NO CASO DE NON ESTAR RECOÑECIDO ACTUALMENTE COMO DGAN E NON TER NADO EN GALICIA.
<input type="checkbox"/> ANEXO 5: MEMORIA DEPORTIVA 2013	
<input type="checkbox"/> ANEXO 6: PROXECTO DEPORTIVO 2014	

### AUTORIZACIÓN COMPROBACIÓN DE DATOS

Autorizo á Fundación Deporte Galego, de conformidade co artigo 2º do Decreto 255/2008, do 23 de outubro e a orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009 que o desenvolve, para a consulta dos meus datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade (SVDI) do Ministerio da Presidencia.

(Marcar cun X, pulsando co botón dereito do rato e seleccionando a opción PROPIEDADES/VALOR PREDETERMINADO/ACTIVADA)

SÍ
<input type="checkbox"/>

NON
<input type="checkbox"/>

Documento Nacional de Identidade (DNI)



**AUTORIZACIÓN OBTENCIÓN CERTIFICADOS**

Autorizo á Fundación Deporte Galego, co artigo 6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, para a obtención, xa sexa de forma directa ou a través da Secretaría Xeral para o Deporte, do:

(Marcar cun X, pulsando co botón dereito do rato e seleccionando a opción PROPIEDADES/VALOR PREDETERMINADO/ACTIVADA)

SI	NON	CERTIFICADO	NOTA
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	Certificado da Tesouraría Xeral da Seguridade Social de estar ao día das obrigas fronte á Seguridade Social	De non autorizar a obtención dalgunha das certificacións, deberanse presentar copia das mesmas
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	Certificado da Axencia Estatal de Administración Tributaria de estar ao día das obrigas tributarias	

Autorizo á Fundación Deporte Galego, de conformidade co artigo 4 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009, que o desenvolve, para a obtención, xa sexa de forma directa ou a través da Secretaría Xeral para o Deporte, do:

SI	NON	CERTIFICADO	NOTA
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia de estar ao día das obrigas tributarias	De non autorizar a obtención desta certificación, deberase presentar copia da mesma

**DECLARO:**

- Que reúno todos os requisitos da convocatoria.
- Que acepto as bases da convocatoria de axuda e en particular o establecido nas disposicións adicionais.
- Que todos os datos que contén a presente solicitude se axustan á realidade e acepto as obrigas establecidas nesta convocatoria.
- Que, de conformidade co establecido na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, quedo informado/a e presto o meu consentimento expreso e inequívoco á incorporación dos meus datos aos ficheiros existentes na Fundación Deporte Galego e ao tratamento dos mesmos para estas axudas.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

As presentes bases rexeranse polo dereito privado, séndolle aplicable o artigo 120 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do Sector Público de Galicia; a disposición adicional 16 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións; os principios de xestión contidos no artigo 5.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e os de información aos que fai referencia o artigo 16 do mesmo texto legal, así como os artigos do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que desenvolven ditos principios de xestión e publicidade.

**SINATURA DO/A SOLICITANTE OU REPRESENTANTE LEGAL ACEPTANDO AS OBRIGAS ESTABLECIDAS NESTA CONVOCATORIA**

*En* , *de* *de 2015*

(Para rexistrar a Fundación)

**FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO**

## ANEXO 2: CERTIFICADO DA FEDERACIÓN

*Non serán admitidos aqueles anexos 2-certificado da federación que veñan escaneados ou aínda sendo orixinais veñan coas casañas de verificación e resultados cubertos de forma manual. As sinaturas e selos deberán ser orixinais.*

D/Dna.		Con DNI:	
En calidade de (Secretario/a)			
Da Federación			

CERTIFICO QUE SON CERTOS os seguintes datos referidos ao/á deportista

Nome e apelidos	DNI:																																											
<p>(Marcar cun X, pulsando co botón dereito do rato e seleccionando a opción PROPIEDADES/VALOR PREDETERMINADO/ACTIVADA)</p> <p><b>a) En referencia á súa licenza deportiva.</b>  <input type="checkbox"/> O/a deportista ten licenza deportiva vixente expedida nesta federación dende alomenos o 1 de xaneiro de 2013.  <input type="checkbox"/> O/a deportista NON ten licenza deportiva vixente expedida nesta federación dende alomenos o 1 de xaneiro de 2013.</p> <p><b>b) En referencia á súa participación actual nun club galego.</b>  <input type="checkbox"/> O/a deportista SI ten licenza actual nun club galego.  <input type="checkbox"/> O/a deportista NON ten licenza actual nun club galego.</p> <p><b>c) O deportista está adestrando e competindo no 2015:</b>  <input type="checkbox"/> O/a deportista SÍ está adestrando e competindo no 2015  <input type="checkbox"/> O/a deportista NON está adestrando e competindo no 2015</p> <p><b>d) En referencia a posibles sancións disciplinarias.</b>  <input type="checkbox"/> O/a deportista NON está cumprindo sanción disciplinaria firme en materia deportiva de carácter grave ou moi grave.  <input type="checkbox"/> O/a deportista SI está cumprindo sanción disciplinaria firme en materia deportiva de carácter grave ou moi grave.</p> <p><b>e) No caso de ter participado en edicións de XXOO/XXPP anteriores, a súa clasificación nas probas nas que participou foi (marcar cun X):</b></p> <table border="1" style="margin-left: auto; margin-right: auto; border-collapse: collapse; text-align: center;"> <thead> <tr> <th rowspan="2"></th> <th colspan="4">EDICIÓN XOGOS OLÍMPICOS/PARALÍMPICOS</th> </tr> <tr> <th>Sidney 2000</th> <th>Atenas 2004</th> <th>Pekín 2008</th> <th>Londres 2012</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>Medalla <b>OURO</b></td> <td></td> <td></td> <td></td> <td></td> </tr> <tr> <td>Medalla <b>PRATA</b></td> <td></td> <td></td> <td></td> <td></td> </tr> <tr> <td>Medalla <b>BRONCE</b></td> <td></td> <td></td> <td></td> <td></td> </tr> <tr> <td>Participación</td> <td></td> <td></td> <td></td> <td></td> </tr> </tbody> </table>				EDICIÓN XOGOS OLÍMPICOS/PARALÍMPICOS				Sidney 2000	Atenas 2004	Pekín 2008	Londres 2012	Medalla <b>OURO</b>					Medalla <b>PRATA</b>					Medalla <b>BRONCE</b>					Participación																	
	EDICIÓN XOGOS OLÍMPICOS/PARALÍMPICOS																																											
	Sidney 2000	Atenas 2004	Pekín 2008	Londres 2012																																								
Medalla <b>OURO</b>																																												
Medalla <b>PRATA</b>																																												
Medalla <b>BRONCE</b>																																												
Participación																																												
<p><b>f) En referencia á súa posible participación nos XXOO/XXPP de Río 2016:</b>  <input type="checkbox"/> O/a deportista xa acadou a clasificación do equipo nacional para os XXOO/XXPP de Río 2016.  <input type="checkbox"/> O/a deportista non acadou a clasificación para os XXOO/XXPP de Río 2016, pero SÍ está incluído no equipo de clasificación e/ou preparación olímpica/paralímpica.  <input type="checkbox"/> O/a deportista NON está incluído no equipo de clasificación e/ou preparación olímpica/paralímpica para os XXOO/XXPP Río 2016, debido a que os equipos nacionais da súa proba aínda non están determinados, pero SÍ acredita estar en condicións de participar en probas oficiais válidas para acadar a clasificación para ditos XXOO/XXPP.  <input type="checkbox"/> O/a deportista NON está incluído/a no equipo de clasificación e/ou preparación olímpica/paralímpica para o 2016 nin poderá participar en probas oficiais válidas para acadar a clasificación para os vindeiros XXOO/XXPP de Río 2016.</p> <p><b>g) En referencia aos resultados deportivos, terase en conta o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2013, ámbolos dous incluídos.</b>                  - Poñer os mellores resultados e a data completa:</p> <table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse; text-align: center;"> <thead> <tr> <th style="width: 25%;">DENOMINACIÓN DA COMPETICIÓN <small>(Por exemplo: CTO Europa/Mundo, COPA Europa/Mundo, Open, Liga, Circuito, Grand Prix, Ranking, etc, etc)</small></th> <th style="width: 15%;">DATA <small>(día/mes/ano)</small></th> <th style="width: 25%;">DENOMINACIÓN DA PROBA <small>(Por exemplo: Fútbol praia, Loita Geocorromana, Combate, Rallys Terra, Florete, K-1 200, C-2 1.000, 4.70, 49er, duatlon, triatlon sprint, salto lonxitude, 400 m estilos, etc, etc)</small></th> <th style="width: 10%;">CATEGORÍA <small>(Absoluta-Intermedia-Previa á absoluta)</small></th> <th style="width: 10%;">POSTO</th> <th style="width: 10%;">NÚMERO DE DEPORTISTAS PARTICIPANTES</th> <th style="width: 10%;">NÚMERO DE PAÍSES PARTICIPANTES</th> </tr> </thead> <tbody> <tr><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td></tr> <tr><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td></tr> <tr><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td></tr> <tr><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td></tr> <tr><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td></tr> </tbody> </table>			DENOMINACIÓN DA COMPETICIÓN <small>(Por exemplo: CTO Europa/Mundo, COPA Europa/Mundo, Open, Liga, Circuito, Grand Prix, Ranking, etc, etc)</small>	DATA <small>(día/mes/ano)</small>	DENOMINACIÓN DA PROBA <small>(Por exemplo: Fútbol praia, Loita Geocorromana, Combate, Rallys Terra, Florete, K-1 200, C-2 1.000, 4.70, 49er, duatlon, triatlon sprint, salto lonxitude, 400 m estilos, etc, etc)</small>	CATEGORÍA <small>(Absoluta-Intermedia-Previa á absoluta)</small>	POSTO	NÚMERO DE DEPORTISTAS PARTICIPANTES	NÚMERO DE PAÍSES PARTICIPANTES																																			
DENOMINACIÓN DA COMPETICIÓN <small>(Por exemplo: CTO Europa/Mundo, COPA Europa/Mundo, Open, Liga, Circuito, Grand Prix, Ranking, etc, etc)</small>	DATA <small>(día/mes/ano)</small>	DENOMINACIÓN DA PROBA <small>(Por exemplo: Fútbol praia, Loita Geocorromana, Combate, Rallys Terra, Florete, K-1 200, C-2 1.000, 4.70, 49er, duatlon, triatlon sprint, salto lonxitude, 400 m estilos, etc, etc)</small>	CATEGORÍA <small>(Absoluta-Intermedia-Previa á absoluta)</small>	POSTO	NÚMERO DE DEPORTISTAS PARTICIPANTES	NÚMERO DE PAÍSES PARTICIPANTES																																						
SINATURA E SELO SECRETARIO/A	SINATURA E SELO Vº Bº PRESIDENTE/A																																											
, de de 2015																																												

### ANEXO 3: DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS DO ANO 2015

D/Dna		DNI:	
-------	--	------	--

Solicitante das axudas a deportistas galegos/as de alto nivel, para a súa preparación e participación en competicións deportivas, ou en representación do/a deportista \_\_\_\_\_, en relación a outras axudas, ingresos ou recursos solicitados (tanto os concedidos coma os pendentes de resolución),

*declaro* baixo a miña responsabilidade que no ano 2015 unicamente recibín e/ou solicitei as axudas que a continuación describo:

declaro baixo a miña responsabilidade que o/a deportista por min representado no ano 2015 recibiu e/ou solicitou as axudas que a continuación describo:

(Marcar cun X, pulsando co botón dereito do rato e seleccionando a opción PROPIEDADES/VALOR PREDETERMINADO/ACTIVADA)

Non se solicitaron outras axudas para esta mesma actividade.

Sí se solicitaron axudas para esta mesma actividade.

#### Axudas solicitadas pendentes de resolución:

ENTIDADE	OBXECTO DA AXUDA	DATA DE SOLICITUDE (día/mes/ano)	IMPORTE

#### Axudas concedidas:

ENTIDADE	OBXECTO DA AXUDA	DATA DE RESOLUCIÓN (día/mes/ano)	IMPORTE

En todo caso, declaro que o conxunto de axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto da presente solicitude non superaron a totalidade dos gastos asociados á mesma.

#### Sinatura do/a deportista ou do/a representante legal:

\_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2015

## ANEXO 4: FICHA SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA

(Para a validez deste anexo e preciso que sexa asinado polo representante da entidade e pola entidade financeira). Este anexo poderá substituírse por un certificado orixinal emitido pola entidade financeira correspondente que inclúa os campos que figuran neste anexo.

<b>TITULAR DA CONTA</b>		<b>DNI</b>	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
<b>ENDEREZO</b>			
<input type="text"/>			
<b>PROVINCIA</b>	<b>LOCALIDADE</b>	<b>C.POSTAL</b>	<b>TELÉFONO</b>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<b>DATOS BANCARIOS</b>			
<b>CÓDIGO IBAN</b>			
<input type="text"/>			
<b>NOME DO BANCO</b>		<b>ENDEREZO (Rúa e número)</b>	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
<b>PROVINCIA</b>	<b>CONCELLO</b>	<b>C.POSTAL</b>	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	

### CERTIFICO:

Que os datos arriba reflectidos son correctos e corresponden ao titular e número de conta

*Lugar e data*

, de de 2015.

Sinatura do/a Solicitante

Sinatura e selo da entidade financeira

## **ANEXO 5: MEMORIA DEPORTIVA 2013**

---

Memoria das actividades deportivas desenvolvidas no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2013, ámbolos dous incluídos.

### **1.-Ter participado nalguna das edicións pasadas dos Xogos Olímpicos/Paralímpicos.**

- 1.1. Edición
- 1.2. Resultados

### **2.-Relevancia do nivel deportivo da competición e grao de consecución dos obxectivos plantexados a principio de tempada.**

- 1.1.-Nivel das competicións.
- 1.2.-Obxectivo principal de resultado e grao de consecución.
- 1.3.-Obxectivos secundarios de resultado e grao de consecución.
- 1.4.-Outros obxectivos e grao de consecución.
- 1.5.-No caso de existir ránking da súa proba/s, indicar que posición ocupou no ano 2013.

### **2.-Adestramento.**

- 2.1.-Adestrador: datos persoais, titulacións, experiencia.
- 2.2.-Outro persoal de apoio.
- 2.3.-Planificación anual do adestramento.

## ANEXO 6: PROXECTO DEPORTIVO 2014

---

### 1.-Relevancia do nivel deportivo da competición e obxectivos plantexados en correlación coa memoria do Anexo 5.

- 1.1.- Nivel das competicións.
- 1.2.- Obxectivo principal de resultado.
- 1.3.- Obxectivos secundarios de resultado.
- 1.4.- Outros obxectivos.

### 2.- Adestramento.

- 2.1.- Adestrador: datos persoais, titulacións, experiencia.
- 2.2.- Outro persoal de apoio.
- 2.3.- Planificación anual do adestramento.

### 3.- Competición:

- 3.1.-Competicións máis importantes nas que participará (*ordenados de maior a menor relevancia a criterio do/a deportista*).
- 3.2.-Competicións secundarias.
- 3.3.-Descrición do modo de participación en competicións internacionais relevantes: *explicar se a inscrición é aberta, se é necesario que o deportista sexa seleccionado pola Federación Española ou Internacional, o modo de clasificación (por marca, por posición no ranking, por selección,...)*.